

I. DISPOSICIÓN XERAIS

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Decreto 441/1990, do 6 de setembro, polo que se aproba o sistema para a acreditación de laboratorios de ensaio para o control de calidade da construción, con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

Desde a experiencia obtida na homologación de laboratorios de ensaio para o control de calidade, co fin de actuar máis eficazmente na aplicación da normativa vixente sobre a edificación, así como a harmonización esixida pola entrada de España na CEE e a necesaria coordinación desta materia na que concorren as distintas administracións públicas, coa intervención das comunidades autónomas, os representantes das cales participaron nunha comisión técnica de traballo coa Dirección Xeral da Vivenda e Arquitectura do MOPU, elaborouse unha proposta normativa que, aceptada polo MOPU, foi aprobada por Real decreto 1230/1989, do 13 de outubro, polo que «se aproban as disposicións reguladoras xerais para a acreditación de laboratorios de ensaio para o control de calidade de edificación que figuran como anexo ó presente real decreto, sen prexuízo das competencias asumidas polas comunidades autónomas nesta materia».

As súas disposicións permiten o necesario recoñecemento das acreditacións outorgadas, de conformidade coas condicións técnicas de común acordo establecidas e logo da intervención dunha comisión técnica de acreditación na que aparecen debidamente representadas as comunidades autónomas que decidan integrarse nela e aplica-lo sistema que figura como anexo do devandito real decreto, nos termos e cos efectos establecidos nel.

Dado que a Xunta participou na referida comisión técnica de traballo a través da representación especializada da COTOP e esta representación mantense satisfactoriamente na Comisión Técnica de Acreditación, recoñécese como organismo acreditador, para os laboratorios con sede no seu ámbito territorial, a cada Comunidade Autónoma a través do órgano que teña asignadas as funcións nesta materia e prevese a súa facultade de proposta para o establecemento de laboratorios patrón.

Na súa virtude, por proposta da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do seis de setembro de mil novecentos noventa,

DISPÓÑO:

Artigo 1.º

A acreditación de laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación con sede na Comunidade Autónoma de Galicia verificarase de acordo co disposto no Real decreto 1230/1989, do 13 de outubro, nos termos e cos efectos que se establecen no anexo do presente decreto.

Artigo 2.º

A tramitación, concesión, cancelación ou renovación da dita acreditación será levada a cabo polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Artigo 3.º

Créase o Rexistro de Laboratorios en Galicia que se adscribe ó Instituto Galego da Vivenda e Solo, no que se inscribirán tódolos laboratorios que obteñan a súa acreditación e, se é o caso, as cancelacións ou revogacións.

Artigo 4.º

A Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, a través do I.G.V.S. designará o representante da Comunidade Autónoma de Galicia na comisión técnica de acreditación de ámbito nacional.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Recoñecerase a acreditación outorgada por outras comunidades autónomas ou pola Administración do Estado ós laboratorios dos seus ámbitos territoriais sempre que nas súas disposicións reguladoras da acreditación se recolla o principio de reciprocidade nas acreditacións outorgadas por elas.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.—Autorízase ó conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas a dictar aquelas normas que sexan precisas para a execución do disposto no presente decreto.

Segunda.—O presente decreto entrará en vixencia o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, seis de setembro de mil novecentos noventa.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

José Cuíña Crespo
Conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

ANEXO

Disposicións reguladoras xerais para acreditación de laboratorios de ensaios para o control da calidade da construción.

CAPÍTULO I

Características da acreditación

Artigo 1.º —Obxecto e ámbito de aplicación.

As presentes disposicións teñen por obxecto regular a concesión da acreditación de laboratorios de ensaios para o control da calidade da construción.

A acreditación sera recoñecida en todo o territorio español, coas limitacións técnicas de actuación que se poidan establecer nas disposicións reguladoras específicas de cada área.

Artigo 2.º —Natureza da acreditación.

A acreditación supón o recoñecemento expreso, por parte da Administración, da capacidade técnica dun laboratorio para realiza-los ensaios relativos a unha área determinada e para emití-los resultados obtidos.

Non quedan cubertos para a acreditación os dictames, informes e interpretacións derivados dos resultados dos ensaios e calquera outro documento de análogo alcance e contido e, en consecuencia, non poden incluírse estes no mesmo documento que recolla os resultados dos ensaios.

Non surtirán efecto os resultados dos ensaios dos laboratorios acreditados en relación coas obras realizadas ou que pretendan realiza-las empresas ou persoas físicas propietarias delas, que formen parte dos órganos de dirección ou teñan participación no capital da persoa xurídica ou entidade titular destes.

Artigo 3.º —Áreas técnicas e de acreditación.

Cada área técnica de acreditación virá definida e regulada polas súas disposicións reguladoras específicas, onde se recollerán os seguintes puntos:

- a) Relación dos ensaios que comprende.
- b) Persoal esixido e a súa cualificación profesional.
- c) Programa de ensaios de contraste.

E poderán recollerse:

- a) Normativa e procedemento de ensaio.
- b) Maquinaria e instrumental necesario.
- c) Programa de calibración da maquinaria.
- d) Condicións esixidas nos locais.
- e) Limitacións técnicas de actuación.
- f) Modelos tipificados de emisión de ensaios.
- g) Calquera outro que se considere preciso.

Artigo 4.º —Prazo de validez da acreditación.

A acreditación, unha vez concedida, terá un período de validez de cinco anos.

Este período poderá verse acurtado no caso de cancelación da acreditación, motivada por algún dos supostos contemplados no artigo 19 das presentes disposicións.

CAPÍTULO II

Condicións da acreditación

Artigo 5.º —Condicións do titular.

Poderá ser titular dun laboratorio acreditado para o control de calidade da edificación calquera persoa física ou xurídica.

Artigo 6.º —Condicións xerais da acreditación.

Todo laboratorio acreditado dentro dunha determinada área técnica deberá cumprir-las seguintes condicións xerais:

- a) Estar legalmente constituído.
- b) Dispoñer da capacidade suficiente para realizar adecuadamente tódolos ensaios establecidos na área técnica para a que estea acreditado.
- c) Notificar ó organismo acreditador as modificacións que poidan alterar algunha das condicións da acreditación concedida.
- d) Mante-la independencia respecto ós peticionarios dos ensaios.
- e) Mante-lo carácter confidencial dos resultados dos ensaios.
- f) Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil, cunha contía mínima que poderá fixarse para cada área técnica de acreditación nas súas disposicións reguladoras específicas.

- g) As demais condicións que se establezan nas disposicións reguladoras específicas da súa área de acreditación.

Artigo 7.º —Condicións técnicas.

Un laboratorio acreditado na súa área técnica determinada deberá cumprir-las condicións técnicas que se relacionan a seguir:

- a) Dispoñer de persoal necesario e con cualificación e dedicación suficiente.
- b) Contar coa maquinaria instrumental e dotacións necesarias para poder realizar adecuadamente tódolos ensaios para os que foi acreditado, así como, se é o caso, para a toma de mostras, o seu transporte e almacenamento adecuados.
- c) Ter actualizadas as normas, métodos de ensaio e restante documentación referida ós ensaios propios da área técnica.
- d) Realizar, se é o caso, o programa de calibración de máquinas e instrumental do laboratorio.
- e) Realiza-lo programa de ensaios de contraste.
- f) As demais condicións que se establezcan nas disposicións reguladoras específicas da súa área técnica de acreditación.

Artigo 8.º —Emisión dos resultados de ensaios.

Os laboratorios acreditados emitirán os resultados dos ensaios en documentos que deberán conte-la seguinte información:

- a) Datos de identificación do laboratorio: nome, enderezo, área técnica de acreditación e data de concesión.
- b) Datos de identificación do petionario: nome e enderezo.

c) Descrición da petición: identificación e procedencia da mostra e ensaios que se van realizar.

d) Descrición e ensaio: referencia á norma aplicada e observacións, se é o caso, sobre o proceso de execución.

e) Resultados dos ensaios.

f) Data e sinatura do responsable do ensaio e do director do laboratorio.

De acordo co artigo 2 non se incluírán neste documento dictames ou informes derivados dos resultados dos ensaios.

Tódalas páxinas do documento irán numeradas e referidas ó número total de páxinas.

Artigo 9.º — Rexistro de ensaios e arquivo.

Todo laboratorio acreditado levará un libro de rexistro de ensaios, no que figurarán, para cada ensaio que se realice, polo menos o seu número de referencia, os datos do peticionario, as datas de encargo e de entrega de resultados, material e tipo de ensaio.

Ademais cada laboratorio manterá arquivados os documentos referidos a cada ensaio durante un período de polo menos quince anos.

Artigo 10.º — Libro de acreditación.

En todo laboratorio acreditado existirá un libro de acreditación, que estará permanentemente actualizado.

Neste libro recolleranse os datos e documentos seguintes:

a) Datos de identificación do laboratorio e área técnica na que foi acreditado e data da súa concesión.

b) Datos do persoal directivo, técnico e operativo do laboratorio, con indicación da súa cualificación, funcións, relación laboral e dedicación, dentro da organización do laboratorio.

c) Comprobante do seguro de responsabilidade civil.

d) Fichas da maquinaria e instrumental conforme o establecido nas disposicións reguladoras específicas de cada área técnica.

e) Actas de inspección.

f) Resultados dos ensaios de contraste.

g) Calquera outro dato ou documento que se estableza nas disposicións reguladoras específicas para cada área técnica de acreditación.

CAPÍTULO III

Tramitación da acreditación

Artigo 11.º — Organismo acreditador.

A tramitación, concesión, cancelación ou renovación das acreditacións corresponderá, para os laboratorios con sede no seu ámbito territorial, a cada Administración autonómica e levarao a cabo a través do organismo que teña asumidas as funcións relacionadas co control de calidade da edificación.

Artigo 12.º — Solicitudes.

A solicitude de acreditación, subscrita pola persoa física, ou representante legal autorizado da entidade titular será dirixida ó organismo a que se fai referencia no artigo anterior.

Na solicitude deberá figura-la área ou áreas técnicas para as que solicita acreditación, o compromiso de cumprilas condicións xerais e técnicas e as obrigas que se deriven das disposicións reguladoras xerais e das específicas da área ou áreas técnicas correspondentes.

Artigo 13.º — Documentación da solicitude.

Coa solicitude de acreditación presentarase, polo menos, a seguinte documentación:

a) Datos de identificación: Escritura de constitución e, en cada caso, estatutos da sociedade ou xustificación documental da titularidade do empresario individual.

b) Documentos que acrediten a situación legal da actividade do laboratorio.

c) Plano de situación con indicación do concello e accesos.

d) Plano dos locais e xustificación do cumprimento das condicións esixidas.

e) Datos do persoal directivo, técnico e operativo con indicación da súa cualificación profesional, funcións, relación laboral e dedicación.

f) Datos da maquinaria e instrumental do que dispón con indicación das súas características.

g) Comprobante do seguro de responsabilidade civil: póliza subscrita ou proposta de seguro.

h) Documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas nos artigos 6 e 7.

Artigo 14.º — Inspeccións.

As inspeccións dos laboratorios estarán a cargo dos inspectores da Comunidade Autónoma correspondente.

Artigo 15.º — Procedemento técnico previo á acreditación.

Unha vez recibida a solicitude de acreditación e comprobado que a documentación presentada é conforme, realizarse unha visita de inspección ó laboratorio co fin de verificar que cumpre as condicións de acreditación.

Durante a inspección o inspector entregará mostras para a realización de ensaios de contraste cun laboratorio patrón, podendo presencia-los ensaios realizados polo persoal do laboratorio.

Desta inspección levantarase unha acta por duplicado, asinada polo representante do laboratorio e o inspector, que quedará arquivada no libro de acreditación e a copia en poder do inspector.

Artigo 16.º —Concesión da acreditación.

Unha vez que o organismo acreditador comprobe, a través da acta ou actas de inspección previa e dos resultados dos ensaios de contraste, que o laboratorio cumpre as condicións de acreditación, concederá esta mediante a oportuna disposición que posteriormente se lle comunicará á Dirección Xeral para Vivenda e Arquitectura do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo para a súa inscrición no Rexistro Xeral de Laboratorios de Ensaíos Acreditados.

Artigo 17.º —Rexistro Xeral de Laboratorios Acreditados.

Encoméndaselle á Dirección Xeral para Vivenda e Arquitectura do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo as funcións do Rexistro Xeral de Laboratorios de Ensaíos Acreditados para o Control de Calidade da Edificación, sen prexuízo do establecido a este respecto polas comunidades autónomas no exercicio das súas competencias.

A inscrición no rexistro xeral, practicada en virtude da comunicación a que se refire o artigo anterior, dará fe do alcance do seu recoñecemento a todo o territorio español.

Esta inscrición será publicada polo Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo no Boletín Oficial do Estado.

Artigo 18.º —Seguimento das condicións técnicas da acreditación.

Durante a vixencia da acreditación realizaranse as seguintes actuacións:

Inspección polo organismo acreditador, polo menos unha vez ó ano, para comprobar que no laboratorio se manteñen as condicións para as que foi acreditado, levantándose a correspondente acta.

Ensaíos periódicos de contraste con laboratorios patrón coa participación do laboratorio acreditado.

Cando se observe algunha anomalía no funcionamento do laboratorio, o inspector deixará constancia na acta, sinalando o prazo no que deberá ser emendada. Durante este prazo o inspector poderá determinar as medidas cautelares seguintes:

Precinto de máquinas.

Suspensión da realización de determinados ensaios.

Artigo 19.º —Cancelación de acreditación.

A acreditación dun laboratorio pode cancelarse nos seguintes supostos:

- a) Por petición propia do laboratorio.
- b) Cando sexa declarado en quebra.
- c) Cando deixe de cumprir alguna das condicións as que se refire o artigo 18.

Se se propón a cancelación da acreditación tramitarase segundo o disposto na Lei de procedemento administrativo, garantindo a audiencia ó interesado. A cancelación seralle notificada á Dirección Xeral para Vivenda e Arquitectura para a súa baixa no rexistro e publicación no Boletín Oficial do Estado.

Artigo 20.º —Renovación da acreditación.

A renovación dunha acreditación deberá solicitarse ó organismo acreditador seis meses antes de expirar o prazo de vixencia.

A resolución do organismo acreditador que conceda ou denegue a renovación comunicaráse á Dirección Xeral para Vivenda e Arquitectura do Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo para a súa toma de razón no rexistro, ou, se é o caso, para a súa baixa nel. A Dirección Xeral comunicarállo á Comisión Técnica de Acreditación para o seu coñecemento.

CAPÍTULO IV

Laboratorio patrón

Artigo 21.º —Funcións do laboratorio patrón.

Son funcións dun laboratorio patrón:

Realiza-los ensaios de contraste na concesión, seguimento e renovación das acreditacións.

Realiza-los ensaios de contraste que determine a Comisión Técnica de Acreditación, co conxunto de laboratorios patrón da súa área.

Estar representado nas subcomisións técnicas da área de acreditación correspondente.

Todas aquelas funcións que lle sean encomendadas pola Comisión Técnica de Acreditación.

Artigo 22.º —Condicións dun laboratorio patrón.

Pode ser laboratorio patrón para unha área técnica de acreditación, aquel que dependente dunha Administración pública, conte con medios persoais e materiais, a xuízo da Comisión Técnica de Acreditación, para garanti-la máxima fiabilidade na realización dos ensaios comprendidos na área técnica.

En casos excepcionais a Comisión Técnica de Acreditación poderá designar algún laboratorio que non pertenza a unha Administración pública, sempre que quede garantida a independencia da súa actuación.

Artigo 23.º —Designación dos laboratorios patrón.

Ó establecer unha área de acreditación a comisión técnica designará por proposta das comunidades autónomas e/ou da Administración do Estado, polo menos, un laboratorio patrón para a dita área técnica.

Artigo 24.º —Cesamento como laboratorio patrón.

Un laboratorio patrón pode cesar de actuar como tal cando así sexa solicitado polo propio laboratorio ou cando o xulgue a Comisión Técnica de Acreditación, que

lle notificará ó laboratorio nun informe, razoando as causas, adoptándose o cesamento en resolución motivada, logo de audiencia do laboratorio.

CAPÍTULO V Custos da acreditación

Artigo 25.º —Aboamento das despesas de acreditación.

O laboratorio peticionario ou beneficiario, aboará os gastos ocasionais como consecuencia da solicitude, así como os de seguimento e renovación de acordo coa normativa vixente aplicable ó Organismo que realizase as actuacións.

Os ensaios de contraste pagarállos directamente ó laboratorio patrón o laboratorio peticionario ou acreditado.

Os ensaios de contraste entre laboratorios patrón non producirán ningún dereito.

A Comisión Técnica de Acreditación propoñerá ás administracións actuantes uns custos de referencia, con obxecto de evita-las posibles desigualdades que poidan producirse.

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Consellería de Industria e Comercio

Resolución do 8 de maio de 1990, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se declara de utilidade pública a instalación eléctrica que se cita (Expte. 51.865).

Visto o expediente de referencia, incoado por instancia de Sociedad Española de Carburos Metálicos, S.A., con enderezo en Brens, Cee (A Coruña), no que solicita autorización administrativa e declaración, en concreto, de utilidade pública para a instalación da liña eléctrica a 66 kV., en Santa Uxía de Ézaro (Dumbría), A Coruña, e cumpridos os trámites regulamentarios ordenados no capítulo III do Decreto 2617/1966, do 20 de outubro, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas, e na lei do 24 de novembro de 1939.

Esta delegación provincial, por proposta da sección correspondente, resolveu;

Autoriza-la liña de transporte de enerxía eléctrica aérea a 66 kV. de 3,05 kms. de lonxitude, orixe na subestación de enlace de Xestosa e final na subestación de Dumbría, en conductores AL-AC de 234,19 mm.², nun só circuíto trifásico en dobre conductor por fase, apoios de aceiro galvanizado, illadores de vidro tipo «E-70-127» en cadeas de tres tipos, suspensión, cruzamento e ancoraxe.

Declarar, en concreto, a utilidade pública da instalación eléctrica que se autoriza para os efectos sinalados na Lei 10/1966, do 18 de marzo, sobre expropiación forzosa e sancións en materia de instalacións eléctricas e no seu regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 2619/1966, do 20 de outubro.

Esta instalación non poderá entrar en servizo mentres non conte o seu peticionario coa aprobación do proxecto de execución, logo de cumprir os trámites que se sinalan no capítulo IV do citado Decreto 2617/1966, do 20 de outubro; a indicada aprobación deberase solicitar nun prazo máximo de seis meses. No caso de non ser factible o anteriormente exposto, o peticionario da autorización procederá a cumprir co que, para a concesión de prórroga se ordena no capítulo IV do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo.

A Coruña, 4 de setembro de 1990.

Juan Ignacio Lizaur Otero
Delegado provincial

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

Consellería de Sanidade

Resolución do 14 de setembro de 1990, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se resolve de forma definitiva o concurso de traslados para a provisión de postos de traballo do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, de escala sanitaria de atención primaria e especializada, subescala de atención primaria, clase de médicos titulares.

No uso das facultades que me confire o artigo 8.2 da orde do 15 de xuño de 1990 (DOG n.º 126, do 29 de xuño) pola que se convoca o concurso de traslado no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, escala sanitaria de atención primaria e especializada, subescala de atención primaria, clase de médicos titulares, esta Secretaría Xeral Técnica,

RESOLVE:

1.º Facer pública, no anexo I, a resolución das reclamacións formuladas contra a adxudicación provisional dos citados postos de traballo, así relacións dos cales foron publicadas nos taboleiros de anuncios dos servizos centrais e delegacións provinciais da Consellería de Sanidade, o 10 de agosto de 1990, así como a corrección dos erros materiais e aritméticos padecidos, e no anexo II a adxudicación definitiva dos postos de traballo.

2.º Abri-los seguintes prazos ós concursantes que obtiveron destino.